

FACULTADE DE DEREITO
Decanato
Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela (España)
Tel. 981 563 100 - Fax 981 591 554

RESOLUCIÓN DO DECANO DA FACULTADE DE DEREITO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DE 30 DE XULLO DO 2009, SOBRE NORMAS PARA A ELECCIÓN DE GRUPO NO CURSO ACADÉMICO 2009/2010

A normativa da Universidade para a organización docente de primeiro e segundo ciclo, aprobada pola Xunta de Goberno o día 31 de outubro de 1996, establece que é competencia dos Centros a publicación dos criterios de distribución dos alumnos entre os distintos grupos, así como a regulación do procedemento para a solicitude de cambio de grupo e dos criterios para a resolución destas peticións.

En uso desta competencia, a Facultade de Dereito dotouse hai xa varios cursos académicos dun sistema de libre elección de grupos polos alumnos. Co fin de mellorar a súa aplicación no curso académico 2009/2010, tendo en conta as experiencias desenvolvidas en cursos anteriores e a novidade que supón a redución a tres do número de grupos a partir de segundo curso nas materias troncais e obrigatorias, agás no “Prácticum”, parece conveniente introducir algunhas modificacións na normativa que ata agora se aplicaba:

- Para compensar a diminución das posibilidades de elección dos alumnos debida á redución de grupos, o número máximo de prazas por grupo amplíase nas materias troncais e obrigatorias con tres grupos mediante a aplicación dunha marxe do 10% ó grupo teórico, que é o resultado de dividir o número de alumnos matriculados entre o número de grupos.

- Para evitar as situacións de confusión que se víñan producindo a principios de curso entre os alumnos que se matriculan de primeiro curso por primeira vez, estes serán asignados automaticamente a un grupo en función da letra inicial do seu primeiro apelido, sen prexuízo da posibilidade de solicitar o cambio a outro grupo distinto, que terá que ser o mesmo para tódalas materias troncais de primeiro curso das que estean matriculados.

- Recóllese a práctica que xa se seguía nos últimos cursos de excluír do número máximo de prazas e asignar automaticamente o grupo solicitado ós alumnos que acrediten motivos laborais, ós que se equiparan outras circunstancias extraordinarias como a atención a familiares dependentes ou enfermos ou a conciliación da vida familiar cos estudos, así como ós estudantes doutras Universidades que participen en programas de intercambio.

- Entre os criterios preferentes para a asignación de grupos, mantense o relativo a ter dous ou máis suspensos na materia para a que se solicita o grupo, pero engádese outro, consistente en solicitar o mesmo grupo para tódalas materias troncais e obrigatorias do curso no que o alumno se matricule dun maior número de materias troncais e obrigatorias, para evitar na medida do posible as situacións de incompatibilidade de horarios que se producen cando a un alumno se lle asigna nunha materia un grupo distinto ó solicitado e concedido para as demais materias do mesmo curso.

- Coa mesma finalidade de facilitar que os alumnos poidan exercer o seu dereito a recibir docencia das materias das que estean matriculados, habilítase expresamente ó Decano para que, á hora de resolver as reclamacións contra a resolución provisional de asignación de

grupos e previo informe favorable da Comisión de Docencia, poda solucionar sen suxeición ó número máximo de prazas por grupo as situacións de incompatibilidade de horarios que resulten da aplicación dos criterios xerais, cando afecten a materias nas que se teña un ou máis suspensos e sexan de cursos distintos a aquel no que o alumno se matriculase dun maior número de materias troncais e obrigatorias.

Xa que logo, para a aplicación do sistema de libre elección de grupos polos alumnos durante o curso 2009/2010, sobre a base das propostas e acordos adoptados polos órganos colexiados da Facultade en cursos anteriores e a experiencia dos mesmos,

RESOLVO

Primeira.- Número de grupos

Consonte ó Plano Docente Anual para o curso 2009/2010, na Licenciatura en Dereito impartida na Facultade existe o seguinte número de grupos:

- a) Materias troncais de primeiro curso: 4 grupos teóricos e prácticos (A, B, C, D).
- b) Materias troncais e obrigatorias dos demais cursos, agás o “Prácticum”: 3 grupos teóricos e prácticos (A, B, C).
- c) “Prácticum”: 10 grupos prácticos.

Segunda.- Número máximo de prazas por grupo

1.- Ós efectos desta Resolución, considérase número teórico de alumnos de cada grupo o resultado de dividir o número de alumnos matriculados en cada materia entre o número de grupos existente na mesma.

2.- O número máximo de prazas en cada grupo será o seguinte:

- a) Nas materias troncais de primeiro curso e o “Prácticum”, o resultado de multiplicar por 1,05 o número teórico de alumnos de cada grupo.
- b) Nas materias troncais e obrigatorias de segundo, terceiro, cuarto e quinto curso, agás o “Prácticum”, o resultado de multiplicar por 1,1 o número teórico de alumnos de cada grupo.

Terceira.- Solicitudes de grupo

1.- Os alumnos matriculados nos estudos correspondentes ó vixente Plano de Estudos da Licenciatura en Dereito, agás os alumnos de primeiro curso que se matriculen por primeira vez, deben solicitar a adscrición a calquera dos grupos existentes en cada materia troncal ou obrigatoria.

2.- No caso de que a matrícula se realice a través de internet, a aplicación abrirá unha pantalla para que o alumno poida marcar as súas opcións de grupo.

3.- Se a matrícula se fai a través de soporte papel na Unidade de Xestión Académica, xerárase automaticamente unha solicitude de grupo en función da letra inicial do primeiro apelido do alumno.

4.- Ata o día 20 de outubro de 2009 os alumnos poden modificar a súa solicitude de grupo tantas veces queiran a través da Secretaría Virtual, na páxina web da Universidade de Santiago de Compostela.

5.- Os alumnos que se matriculen con posterioridade ó día 20 de outubro de 2009 poden solicitar grupo de entre aqueles nos que queden prazas vacantes logo da adxudicación ós alumnos que solicitaron grupo antes dese día, sen prexuízo do establecido no apartado primeiro da disposición cuarta desta Resolución.

Cuarta.- Criterios para a asignación de grupo

1.- Asignarase automaticamente o grupo solicitado, con independencia da data da solicitude e sen consideración do número máximo de prazas por grupo, nos seguintes casos:

a) Alumnos que acrediten motivos laborais ou outras circunstancias extraordinarias, como a atención a familiares dependentes ou enfermos ou a conciliación da vida familiar cos estudos, sempre que o horario do grupo solicitado se xustifique pola circunstancia alegada.

b) Estudantes doutras Universidades que participen en programas de intercambio.

2.- Entre as solicitudes presentadas ata o día 20 de outubro de 2009 procederáse á asignación de grupo atendendo ós criterios seguintes:

a) Se o número de prazas dun grupo é superior ás solicitudes, asignarase o grupo solicitado a todos os alumnos.

b) Se o número de prazas dun grupo é inferior ó número de solicitudes, a asignación efectuarase de acordo coa seguinte orde de prioridade:

1.º Alumnos que teñan dous ou máis suspensos na materia para a que solicitan o grupo.

2.º Alumnos que soliciten o mesmo grupo para todas as materias troncais e obrigatorias do curso no que se matriculen dun maior número de materias troncais e obrigatorias, nas solicitudes de grupo para as materias dese curso. Se un alumno se matriculase do mesmo número de materias troncais e obrigatorias en dous ou máis cursos, a prioridade aplicarase unicamente ás correspondentes ó curso inferior.

O resto das solicitudes atenderanse en función da nota media simple do expediente dos alumnos, que será tamén o criterio que se empregue, do ser o caso, para determinar as preferencias entre as solicitudes que teñan a mesma orde de prioridade.

3.- As solicitudes presentadas con posterioridade ó día 20 de outubro de 2009 resolveranse unha vez rematado o prazo de matrícula e os alumnos asignaranse ós grupos nos que queden prazas vacantes segundo a orde temporal das solicitudes, agás nos casos contemplados no apartado primeiro desta disposición.

Quinta.- Alumnos que se matriculan en primeiro curso por primeira vez

1.- Os alumnos que se matriculen en primeiro curso por primeira vez quedan asignados automaticamente a un dos catro grupos existentes nas materias troncais do curso en función da letra inicial do seu primeiro apelido, consonte á seguinte distribución:

- a) Grupo A: letras A-F.
- b) Grupo B: letras G-L
- c) Grupo C: letras M-Q
- d) Grupo D: letras R-Z

2.- Non obstante o disposto no apartado anterior, estes alumnos poden solicitar ser asignados a outro grupo consonte ás normas xerais de elección de grupo, coas seguintes particularidades:

- a) Deben elixir o mesmo grupo para tódalas materias troncais de primeiro curso das que estean matriculados.
- b) Como criterio para determinar a preferencia na asignación de grupo utilizarase a nota das probas de acceso á Universidade en vez da nota media simple do expediente.

Sexta.- Resolución e efectos

1.- Unha vez asignados os grupos ás solicitudes presentadas ata o día 20 de outubro de 2009, o Decano ditará unha resolución provisional que se publicará dentro do mes de outubro no taboleiro de anuncios da Facultade e na páxina web da Universidade de Santiago de Compostela.

2.- Contra a resolución provisional de asignación de grupos pódese reclamar perante o Decano no prazo de dez días contados dende o día seguinte ó de publicación da resolución no taboleiro de anuncios da Facultade.

3.- O Decano resolverá as reclamacións presentadas, previo informe da Comisión de Docencia, e ditará resolución definitiva sobre a asignación de grupos, que se publicará do mesmo xeito

que a resolución provisional no prazo máximo de dez días contados dende o día seguinte ó de finalización do prazo de reclamación.


Co fin de facilitar que os alumnos poidan exercer o seu dereito a recibir docencia das materias das que estean matriculados, o Decano, previo informe favorable da Comisión de Docencia, poderá asignar grupos distintos ós asignados provisionalmente, sen suxeición ó número máximo de prazas, ós reclamantes que acrediten unha incompatibilidade de horarios que afecte a materias nas que teñan un ou máis suspensos e sexan de cursos distintos a aquel no que o alumno se matriculase dun maior número de materias troncais e obrigatorias.


4.- Contra a resolución definitiva de asignación de grupos pódese recorrer en alzada perante o Reitor.

Sétima.- Entrada en vigor

Esta Resolución entra en vigor o mesmo día da súa publicación no taboleiro de anuncios da Facultade.

Santiago de Compostela, a 30 de xullo de 2009.

Decano

Luis Miguez Macho



DILIXENCIA

Para facer constar que a presente resolución foi publicada no taboleiro de anuncios da Facultade o día 30 xullo do 2009.

Decano

Luis Miguez Macho



SRA. SECRETARIO XERAL; SRS. DIRECTORES DE DEPARTAMENTO DA FACULTADE DE DEREITO; SR. XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA; SR. RESPONSABLE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS; SR. DIRECTOR DO C.O.I.E.; SRA. XEFA DA ASESORÍA XURÍDICA; SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR.